

Regulamento da Comisión de Calidade da Facultade de Fisioterapia

O presente Regulamento ten por obxectivo a regulación da organización e funcionamento da Comisión de Calidade da Facultade de Fisioterapia.

I COMPOSICIÓN

Art. 1 Membros

A Comisión de Garantía da Calidade segundo consta no Manual de Calidade do centro estará composta por:

- Decano/a do centro, que a preside.
- Coordinador/a de calidade.
- Coordinador/a ou persoa en quen delegue de cada unha das titulacións de grao do centro.
- Coordinador/a ou persoa en quen delegue de cada unha das titulacións de mestrado do centro.
- Enlace de igualdade.
- Dous persoas representantes do profesorado.
- Tres representantes do alumnado
- Dous/as membros do PAS un deles será o Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue.
- Un/unha representante do estudiantado egresado.
- Un/unha representante da sociedade.

A comisión nomeara Secretario/a da Comisión a un dos seus membros do PDI.

Poderán participar nas reunións da Comisión de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos, etc. cando o seu asesoramento ou participación se estimen oportunos e así se faga constar na convocatoria.

En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o/a Presidente/a será substituído polo/a Coordinador/a de calidade, e no seu defecto, polo membro da Comisión de Calidade do Centro de maior categoría, antigüidade e idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

En casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o/a Secretario/a será substituído polo membro da Comisión de Calidade do Centro designado para o efecto, por proposta do/a Presidente/a.

Confidencialidade, os membros e asistentes as reunións comprométense a gardar a confidencialidade dos asuntos tratados asignado o Documento de confidencialidade.

Art.2 Elección dos membros da Comisión

A elección dos membros da Comisión realizarase pola Xunta de Centro podendo pertencer a esta ou non os representantes do PDI, PAS e Alumnado.

II FUNCIONES

Art. 3 Funcións

As funcións da Comisión son as descritas no Manual de calidade do centro.

III FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CALIDADE

Art. 4 Reunións

1.- A Comisión de Calidade reunirse en sesión ordinarias ou extraordinarias polo menos dúas veces ao ano.

2.- A Comisión poderá crear grupos de traballo, debendo figurar nas actas correspondentes a súa creación e os resultados do traballo desenvolvido.

3.- Para a válida constitución das sesións será necesario a asistencia da terceira parte dos seus membros e sempre que estean presentes o Presidente/a e o Secretario/a (ou quen os substitúa regulamentariamente).

Art. 5. Convocatoria de sesións ordinarias

1.- A Comisión será convocada con carácter ordinario por escrito ou correo electrónico a cada un dos seus membros, polo/a secretario/a por orde do/a Presidente/a ou cando o solicite un 20% dos seus membros, cunha antelación mínima de 48 horas, con o Orde do día, e a documentación pertinente ou indicación do lugar no que poden consultala.

A orde do día será fixada polo Presidente/a e incluírá os puntos que houberen solicitado ao menos o 20% dos membros da Comisión.

Non poderá ser obxecto de deliberación, votación nin acordo, ningún asunto non incluído na orde do día, salvo que se achen presentes todos os membros da Comisión de Calidade do Centro e sexa declarada a urxencia polo voto favorable da maioría dos membros.

2.- Na orde do día dunha reunión ordinaria figurarán inescusablemente os puntos de, Aprobación da acta da sesión anterior, Informe de Presidencia, e/ou no seu caso, Informe de Coordinación, así como Rogos e preguntas.

Art. 6 Convocatoria de sesións extraordinarias

A Comisión será convocada con carácter extraordinario por escrito ou correo electrónico a cada un dos seus membros, polo/a secretario/a por orde do/a Presidente/a cunha antelación mínima de 24 horas, onde se especificará o tema a tratar, e a documentación pertinente ou indicación do lugar no que poden consultala.

Art. 7 Cuestións de orde

1. Consideraranse cuestións de orde, entre outras, a proposta de aprazamento de debate, as limitacións nas intervencións, a proposta de suspensión ou a proposta de votación dalgún punto.

2. As cuestións de orde decidíranse, en caso necesario, por votación a man alzada.

3. Os membros da Comisión poderán ser chamados ao orde cando con interrupcións, ou de calquera outra forma, alteren a orde de

as sesións ou cando pretendan seguir facendo uso da palabra unha vez que esta lles fose retirada.

Despois de ser chamado por tres veces á orde un membro da Comisión nunha mesma Sesión, o Presidente/a poderá impoñerlle a prohibición de asistir ao resto da mesma.

Art.8 Adopción de acordos

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes por asentimento ou votación a man alzada a proposta do/a Presidente/a. Dirimirá os empates o voto do/a Presidente/a.

Art. 9 Actas

De cada sesión o/a Secretario/a da Comisión levantará acta onde se especificarán os asistentes, lugar e tempo, así como apartados da Orde do día cos puntos principais das deliberacións, análises e propostas dos distintos membros e o contido dos acordos adoptados .

Así mesmo o Secretario da Comisión será o responsable da custodia destas.

IV. APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS DO PRESENTE REGULAMENTO

Art. 10 Aprobación, modificacións e reforma

O presente Regulamento, así como calquera modificación ou reforma deste, será aprobado pola maioría absoluta dos membros da Comisión e remitido a Xunta de Centro para a súa aprobación.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento de Funcionamento da Comisión de Calidade da Facultade de Fisioterapia entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación en Xunta de Centro.

Anexo I

Comisión de Garantía de Calidade

Compromiso de confidencialidade

Nome:

NIF:

Cargo:

Como membro da Comisión de Calidade e en consideración da relación que manteño coa Facultade de Fisioterapia, son consciente da importancia das miñas responsabilidades e me comprometo a non poñer en perigo a confidencialidade da información que se manexa en dita Comisión.

Asdo.:

Pontevedra adede